

O que se notifica, para os efectos previstos no artigo 58 da devandita Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, podendo recusalos en calquera momento do expediente por algunha das causas previstas no artigo 29 da mencionada lei.

Concedéndolle ao interesado un prazo de quince días, para que poida examinar o expediente así como formular as alegacións que considere axeitadas, conforme o establecido no artigo 13.2º do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, xa que de non efectuar as alegacións no prazo indicado, o acordo de incoación poderá ser considerado como proposta de resolución.

Pontevedra, 14 de maio de 2008.

Gonzalo Constenla Bergueiro  
Delegado provincial de Pontevedra

#### ANEXO

Expediente: ICA-PO-0015/2008-U.

Denunciado: Isidro Vicente Vicente.

Último enderezo coñecido: estrada Circunvalación, 2 -1º esquerda, A Estrada.

Feito denunciado: non ter remitido os documentos de acompañamento validados.

Preceptos infrinxidos: incumprimento do artigo 38.1º p) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.

Precepto sancionador: artigo 42.1º da citada Lei 24/2003.

Sanción: 100 euros.

*Edicto do 12 de maio de 2008, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de Fonte do Seixo e Burata Cavada de propiedade dos veciños de Meizo, parroquia de Macendo, no concello de Castrelo de Miño.*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 22 de abril de 2008, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común do monte denominado Fonte do Seixo e Burata Cavada, tramitado a solicitude dos veciños Meizo, da parroquia de Macendo no concello de Castrelo de Miño, resultan os seguintes

Feitos.

Primeiro.-O 12 de xuño de 2006 tivo entrada no rexistro da Delegación Provincial da Consellería de Medio Rural un escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños do lugar de Meizo, parroquia de Macendo, concello do Castrelo do Miño, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común do devandito monte a favor dos veciños do citado lugar.

Segundo.-O 16 de outubro de 2007, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións ás que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.-No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.

Cuarto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: Castrelo do Miño.

Denominación do monte: Fonte do Seixo e Burata Cavada.

Comunidade veciñal solicitante: veciños de Meizo, parroquia de Macendo.

Parcela: Fonte do Seixo.

Superficie: 10,57 ha, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte CMVMC de Meizo, Antonio González Vidal, Concepción Rodríguez Iglesias.

Sur: CMVMC de Vilela, Josefa Rodríguez Martínez, Constantino Fernández Álvarez, Jose María Gómez Ferreiro, herdeiros de Gabino Álvarez e Luís Billar Rodríguez.

Este: CMVMC de Señorín.

Oeste: camiño a Meizo.

Parcela: Burata Cavada.

Superficie: 0,91 ha, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: Emilio Mosquera e Celso Garrido Montero.

Sur: CMVMC de Vilela.

Este: camiño.

Oeste: estrada de Meizo e Vilela.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man

común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da Sala Contencioso-administrativa do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e, outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao xurado provincial de clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

#### **RESOLVE:**

Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños de Meizo, parroquia de Macendo, no concello do Castro do Miño, o monte Fonte do Seixo e Burata Cavada coa descrición reflectida no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 12 de maio de 2008.

Xosé Rodríguez Cid

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Cédula do 29 de maio de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, pola que se fai pública a notificación do trámite de audiencia da proposta de resolución de revogación parcial da convocatoria para a adxudicación dunha nova oficina de farmacia para a parroquia de Santa María de Cruces, na zona farmacéutica de Padrón, publicada pola Resolución do 29 de decembro de 2006, así como a revogación da adxudicación provisional daquela oficina de farmacia publicada pola Resolución do 29 de novembro de 2007.*

De conformidade co disposto no artigo 59.6º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselles ás persoas interesadas o trámite de audiencia da proposta de resolución de revogación parcial da convocatoria para a adxudicación dunha nova oficina de farmacia para a parroquia de Santa María de Cruces, na zona farmacéutica de Padrón, publicada pola resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade do 29 de decembro de 2006, así como a revogación da adxudicación provisional daquela oficina de farmacia publicada por resolución desta mesma Secretaría Xeral do 29 de novembro de 2007.

Os interesados dispoñen dun prazo de quince días a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para presentar ante a Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade as alegacións que estimen pertinentes. O expediente relacionado a seguir atópase á disposición dos interesados nas delegacións provinciais da Consellería de Sanidade, nos servizos centrais da Consellería en Santiago de Compostela, edificio administrativo de San Lázaro, así como na páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es).

#### **Índice de documentos do expediente**

-Escrito presentado por Jorge Barros Prieto con data do 28 de abril de 2008, acompañando sentenza 96/2008 do TSXG do 14 de febreiro de 2008, pola que se lle autoriza a apertura da oficina de farmacia solicitada con data 1-9-1993 na parroquia de Santa María de Cruces do concello de Padrón.

-Informe emitido con data 27-5-2008 pola Subdirección Xeral de Réxime Administrativo da Consellería de Sanidade.

-Informe con data 27-5-2008 da Subdirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios.

-Proposta de resolución con data 28-5-2008 do presidente da Comisión de Valoración do concurso público para a adxudicación de novas oficinas de farmacia, de revogación parcial da convocatoria para a adxudicación dunha nova oficina de farmacia para a parroquia de Santa María de Cruces, na zona farmacéutica de Padrón.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2008.

Pilar Fernandez Romero

Secretaria xeral da Consellería de Sanidade



**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **19 de febreiro de 2015** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**XV.-** En relación coa solicitude de deslindamento da parcela "As Cazotas" como prolongación do monte Fonte do Seixo, da Comunidade de Montes veciñais en Man Común do Meizo, o Servizo de Montes emitiu informe favorable con data 20 de xaneiro de 2015, no que fai constar que a parcela "As Cazotas" formaba parte case na súa totalidade do monte veciñal en man común de Vilela, e estremaba co monte veciñal "Fonte do Seixo", polo que debíase considerar un acordo para o deslindamento entre montes veciñais, de acordo co artigo 53 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. De acordo co citado informe, o Xurado aprobou o deslindamento solicitado, considerando a parcela "As Cazotas" como unha prolongación do monte Fonte do Seixo da Comunidade de Meizo.

**E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente en Ourense a cinco de maio de dous mil quince.**

Vº. e praxe  
O Presidente do Xurado

Yago Borrajo Sánchez



## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

*ANUNCIO do 9 de marzo de 2015, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se publica a Resolución do 6 de marzo de 2015, do Xurado Provincial de Montes Comunais en Man Común de Ourense, relativa ao deslindamento entre as comunidades de montes en man común de Meizo e Vilela, no concello de Castrelo de Miño.*

Examinada a solicitude entre as comunidades de montes veciñais en man común de Meizo e Vilela, ambas no concello de Castrelo de Miño (Ourense), resultan os seguintes

Feitos:

Primeiro. Con data do 14 de maio de 2012 (nº de rexistro de entrada 8892) o presidente da comunidade de montes veciñais en man común de Meizo, Amando Gómez Domínguez, presentou unha solicitude para a modificación dos lindes de clasificación dos MVMC Fonte do Seixo e Burata Cavada e Vilela, en virtude dun acto de conciliación celebrado ante a xuíza de Paz de Castrelo de Miño.

Segundo. Os informes do Servizo de Montes que figuran no expediente fan constar, entre outras consideracións, as seguintes:

– No último acto de conciliación celebrado as CMVMC de Meizo e Vilela acordaron que se clasificase a parcela das Cazotas a favor dos veciños de Meizo.

– Nun dos requirimentos realizados á comunidade de Meizo, o presidente recoñeceu que as propiedades particulares que limitan coa superficie que se pretende conciliar son lotes, sortes ou parcelas cedidas pola comunidade de montes a certos veciños.

– Proponse emitir informe favorable ao deslindamento considerando a parcela das Cazotas como unha prolongación do monte Fonte do Seixo da comunidade de Meizo pola parte máis ao sueste, definindo os lindes da parcela do seguinte xeito:

Lindeiros da parcela das Cazotas.

Desde o punto nº 1 ata o 3 linda co MVMC Fonte do Seixo da CMVMC de Meizo. Do punto nº 3 ao 4 coa estrada a Ramirás. Do punto nº 4 ao punto con coordenadas UTM



(ED50) 580.085/4.682.214 co MVMC de Vilela. A superficie delimitada pola poligonal que vai desde o punto con coordenadas UTM (ED50) 580.085/4.682.214 ata punto con coordenadas UTM (ED50) 580.085/4.682.244, pasando polos puntos 14, 15 e 16; de 1,2 ha está dentro da parcela nº 15 do polígono 34 e pódese considerar como un apéndice do MVMC de Vilela que está sen clasificar. Desde o punto con coordenadas UTM (ED50) 580.085/4.682.244 ata o punto 1 de inicio limita co MVMC de Vilela.

Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que se seguirá no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o xurado provincial de montes veciñais en man común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito expostos, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, de acordo co informe favorable do Servizo de Montes do 20 de xaneiro de 2015, acordou por unanimidade, o día 19 de febreiro de 2015:

Aprobar o acto de conciliación acadado polas respectivas comunidades de montes veciñais en man común de Meizo e Vilela, ambas sitas no concello de Castrelo de Miño (Ourense) e definir os lindes da parcela das Cazotas de acordo co exposto no feito segundo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recuso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,



modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 9 de marzo de 2015

Yago Borrajo Sánchez  
Xefe territorial de Ourense



LENDA

- MVMC "Fonte do Seixo e Burata Cavada" clasificado por acordo do Xurado Provincial de Montes do 22 de abril de 2008
- PARCELA DENOMINADA "AS CAZOTAS" PERTENCENTE AO MVMC "FONTE DO SEIXO E BURATA CAVADA" POLO ACTO DE CONCILIACIÓN APROBADO POLO XURADO PROVINCIAL O 19 DE FEBREIRO DE 2015
- PARCELAS DE CASTRELO DE MIÑO

ESCALA 1:5000

SISTEMA DE REFERENCIA ETRS89

NOVEMBRO DE 2015

COORDENADAS UTM FUSO 29

BASE CARTOGRÁFICA: CARTOGRAFÍA DA "DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO" ACTUALIZADA A 2015

